

ANUNCIO

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS LISTAS COBRATORIAS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO DE 2017

De conformidade co art. 77.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as **Listas Cobratorias do imposto sobre Bens Inmoables do exercicio 2017** poranse ó dispor do público nos locais do **CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**, dende o día **16 de agosto ata ó día 30 de setembro de 2017**, ambos inclusive, o que fai posible que os interesados, durante dito prazo, examinen os mesmos. **Podendo presentar desde o 30 de setembro ata o 31 de outubro de 2017** as reclamacións procedentes perante a Tesourería desta Deputación de Pontevedra - ORAL (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004).

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO DE 2017



De conformidade co previsto no art. 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (RD 939/2005), comunicáselles ós contribuíntes afectados que o **período voluntario de cobranza do imposto** indicado, para o **CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO**, será **do 16 de agosto ao 31 de outubro do ano 2017, ámbalas dúas datas inclusive**. Tendo en conta que o **prazo límite** de ingreso será o **día 31 de outubro de 2017** no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora (art. 19.3 do Regulamento Xeral de Recadación).

O imposto deberá **satisfacerse a través de calquera entidade bancaria colaboradora, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<http://oral.depo.es/>) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario**. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento **poderá, ata o día 31 de outubro de 2017**, obter un duplicado nos Servizos Centrais do ORAL (Avda. de Marín, 9 - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ao seu domicilio.

Os contribuíntes que a **15 de outubro de 2017** non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o **31 de outubro de 2017** para os solicitar nas oficinas indicadas e efectua-lo pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Pontevedra, 04 de agosto de 2017
O tesoureiro,

Miguel Ángel Santirso Fernández

TESOURERÍA